

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN

**19439** *Real decreto 1677/2009, do 13 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Consello de Universidades.*

O título IV da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, senta os principios que deberán rexer a coordinación no ámbito da educación universitaria. O artigo 28 da dita lei crea o Consello de Universidades como órgano de coordinación académica e de cooperación, consulta e proposta en materia universitaria.

De acordo co establecido no artigo 30, o Consello de Universidades funcionará en Pleno e en comisións, e correspóndelle ao Pleno, entre outras funcións, a elaboración do regulamento do dito consello e a súa elevación ao ministro competente en materia de universidades para a súa aprobación polo Goberno.

En cumprimento do referido mandato, o Pleno do Consello de Universidades, reunido en sesión do día 1 de xuño de 2009, acordou elevar ao ministro de Educación este regulamento, polo que se regula a súa organización, as súas competencias e o seu funcionamento.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de novembro de 2009,

#### DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento do Consello de Universidades.*

Apróbase o Regulamento do Consello de Universidades, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición adicional única. *Medios.*

O Ministerio de Educación proporcionará ao Consello de Universidades os recursos humanos, técnicos e económicos necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1504/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Consello de Coordinación Universitaria, e cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de novembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,  
ÁNGEL GABILONDO PUJOL

## REGULAMENTO DO CONSELLO DE UNIVERSIDADES

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Natureza e funcións.*

1. O Consello de Universidades é o órgano de coordinación académica, así como de cooperación, consulta e proposta en materia universitaria. Con carácter xeral correspóndenlle, segundo o previsto no artigo 28 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, do mesmo xeito que no Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios, ditado en desenvolvemento do artigo 58 da citada lei, e de acordo co establecido no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, as seguintes funcións:

- a) Servir de canle para a colaboración, a cooperación e a coordinación no ámbito académico.
- b) Emitir informe sobre as disposicións legais e regulamentarias que afectan o sistema universitario no seu conxunto.
- c) Prestar o asesoramento que en materia universitaria lle sexa requirido polo Ministerio de Educación, a Conferencia Xeral de Política Universitaria ou, se é o caso, os órganos competentes en materia de universidades das comunidades autónomas.
- d) Formular propostas ao Goberno, en materias relativas ao sistema universitario e á Conferencia Xeral de Política Universitaria.
- e) A verificación da adecuación dos plans de estudos ás directrices e condicións establecidas polo Goberno para os títulos oficiais, así como a súa acreditación, de acordo cos procedementos establecidos no capítulo VI do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
- f) A acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios, de acordo co procedemento establecido no anteriormente citado Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro.
- g) O desenvolvemento de cantas outras tarefas lle encomenden as leis e as súas disposicións de desenvolvemento.

2. O Consello de Universidades relaciónase administrativamente co Ministerio de Educación a través da Secretaría Xeral de Universidades.

3. Para o cumprimento das súas funcións e a consecución dos seus obxectivos, o Consello de Universidades colaborará coas administracións públicas competentes en materia de educación superior, así como coas universidades, no ámbito das súas respectivas competencias.

### CAPÍTULO II

#### Dos membros do Consello de Universidades

##### Artigo 2. *Composición.*

1. O Consello de Universidades será presidido pola persoa titular do Ministerio de Educación e estará composto polos seguintes vogais de conformidade co previsto no artigo 29 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro:

- a) Os reitores e reitoras das universidades.

b) Cinco membros designados pola Presidencia do Consello, dos cales un será por proposta da persoa titular do Ministerio de Ciencia e Innovación de entre os titulares dos órganos do seu departamento con rango mínimo de director xeral.

Con independencia da representación que desempeñen, os membros do Consello de Universidades exercerán as súas funcións atendendo en todo momento aos intereses xerais da educación superior e velarán polo cumprimento das funcións e obxectivos do Consello de Universidades.

2. Os reitores e as reitoras exercerán as súas funcións desde a data en que tomen posesión do seu cargo e cesen ao finalizar o seu desempeño.

Os reitores e as reitoras poderán ser substituídos, por petición propia e para unha sesión determinada, por un vicerreitor ou vicerreitora ou polo secretario ou secretaria xeral da universidade correspondente, salvo que, pola importancia ou especiais características dos asuntos que se vaian tratar, a Presidencia do Consello considere que non procede a substitución. De non ser posible a substitución, esta circunstancia farase constar na convocatoria.

No caso de vacante, ausencia, enfermidade, abstención ou recusación, convocarase a quen actúe como reitor en funcións ou reitor suplente.

3. Os vogais do Consello de Universidades a que se refire o anterior punto 1.b) serán nomeados e cesados mediante resolución do presidente do Consello de Universidades.

## CAPÍTULO III

### **Dos órganos do Consello de Universidades, a súa composición e funcións**

Artigo 3. *Dos órganos do Consello de Universidades.*

1. O Consello de Universidades contará cos seguintes órganos:

- a) Presidencia.
- b) Vicepresidencias.
- c) Secretario ou secretaria.
- d) Pleno.
- e) Comisións.

2. O Consello de Universidades exercerá as súas funcións organizado en Pleno e en comisións.

3. As comisións do Consello de Universidades son, ademais das que se poidan establecer conforme o previsto no número 4, as seguintes:

- a) Comisión Permanente.
- b) Comisións de acreditación de profesorado, previstas no capítulo II do Real decreto 1312/2007.
- c) Comisión de Reclamacións de Acreditación de Profesorado, prevista no artigo 16.1 do Real decreto 1312/2007.
- d) Comisión de Verificación e Acreditación de Plans de Estudos en relación cos procedementos previstos no capítulo VI do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
- e) Comisión de Reclamacións de Verificación e Acreditación de Plans de Estudos.

4. O Pleno, por proposta do seu presidente, poderá aprobar a creación de cantas outras comisións sexan necesarias para abordar as distintas funcións do Consello de Universidades.

5. Logo de acordo da Conferencia Xeral de Política Universitaria, o Pleno poderá acordar, por proposta do seu presidente, a participación do Consello de Universidades en comisións mixtas conferencia-consello.

6. O Pleno e as comisións do Consello de Universidades poderán crear ponencias e grupos de traballo en relación coas materias do seu ámbito de competencia, e poderán contar coa colaboración de expertos e expertas externos nas materias que lles sexan propias.

#### Artigo 4. *Presidencia.*

1. O presidente ou presidenta do Consello de Universidades será o titular do Ministerio de Educación.

2. Correspóndenlle ao presidente as seguintes funcións:

a) Desempeñar representación do Consello de Universidades, exercer a súa dirección e velar polo adecuado funcionamento dos seus órganos e servizos.

b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno e das comisións e a fixación da orde do día, tendo en conta, se é o caso, as peticións dos demais membros formuladas coa suficiente antelación.

c) Presidir as sesións do Pleno, da Comisión Permanente e das comisións creadas polo Pleno, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.

d) Dirimir co seu voto os empates, para os efectos de adoptar acordos.

e) Lexitimar coa súa sinatura os acordos, ditames e recomendacións adoptados polo Consello de Universidades.

f) Visar as actas e as certificacións dos acordos do Consello, expedidas polo secretario.

g) Coidar do cumprimento deste regulamento e resolver as dúbidas sobre a súa interpretación.

h) Nomear e cesar mediante resolución os vogais previstos no artigo 2.1.b).

i) Velar pola resolución das reclamacións formuladas polas universidades contra as resolucións de verificación da Comisión de Verificación de Plans de Estudos.

j) Nomear os vicepresidentes ou vicepresidentas do Consello de Universidades mediante resolución, de acordo co disposto no artigo 5.

k) Exercer calquera outra función que lle atribúa este regulamento ou sexa inherente á súa condición de presidente do Consello de Universidades.

#### Artigo 5. *Vicepresidencias.*

1. O Consello de Universidades terá dous vicepresidentes ou vicepresidentas de igual rango, un deles será designado de entre os reitores e reitoras polo Pleno; o outro será designado polo presidente de entre os vogais nomeados conforme o artigo 2.1.b).

2. No caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, o presidente será substituído polo vicepresidente que aquel designe.

3. Os vicepresidentes asistirán o presidente no desempeño das súas funcións e exercerán as que este lles delegue.

#### Artigo 6. *O secretario ou secretaria.*

1. O secretario ou secretaria do Consello de Universidades será nomeado polo ministro de Educación de entre os vogais a que se refire o artigo 2.1.b) deste regulamento.

2. O secretario ou secretaria exercerá as seguintes funcións:

a) Asistir ás sesións do Pleno e das comisións e ofrecer apoio técnico ao Consello de Universidades, recibir os actos de comunicación dos membros co órgano e as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos de que deba ter coñecemento; preparar o despacho dos asuntos; redactar e autorizar a acta das sesións, así como certificar ou notificar os acordos adoptados aos organismos competentes ou interesados no procedemento.

b) Elaborar a memoria anual do Consello de Universidades.

c) A realización de cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario, así como calquera outra función que lle asigne o presidente, o Pleno ou as comisións.

Ademais, proverá os medios materiais e humanos para implementar os acordos.

3. O subdirector xeral de Coordinación Universitaria da Dirección Xeral de Política Universitaria actuará en substitución do secretario en caso de ausencia, vacante, enfermidade ou outra causa legal.

#### Artigo 7. O Pleno.

1. O Pleno do Consello de Universidades estará integrado polo presidente ou presidenta e por todos os membros do consello. O secretario ou secretaria do Consello de Universidades exercerá a secretaría do Pleno.

2. O Pleno estará presidido polo presidente do Consello de Universidades ou polo vicepresidente que o substitúa.

3. O Pleno terá as seguintes funcións:

a) Elaborar o regulamento do Consello e elevalo ao ministro competente en materia de universidades para a súa aprobación polo Goberno.

b) Propor, se é o caso, as modificacións que se xulguen oportunas do Regulamento do Consello de Universidades.

c) Emitir informe sobre as disposicións legais e regulamentarias que afectan o sistema universitario no seu conxunto.

d) Emitir informe sobre os criterios de coordinación sobre as actividades de avaliación, certificación e acreditación reguladas no título V da Lei orgánica 6/2001.

e) Aprobar a memoria anual do Consello de Universidades.

f) Examinar, por iniciativa do presidente ou dalgunha das comisións, calquera asunto relativo á educación superior ou á investigación científica nas universidades e elevar, se é o caso, informes ou propostas aos poderes públicos e ás universidades.

g) Examinar, en fase de audiencia, a oferta xeral de ensinanzas e prazas.

h) Emitir informe previo sobre as normas que regulen o progreso e a permanencia na universidade dos estudantes.

i) Informar sobre o establecemento en España dos centros que impartan ensinanzas conducentes á obtención de títulos estranxeiros de educación superior universitaria.

j) Emitir informe sobre as normas reguladoras do marco xeral en que deberán de impartirse en España ensinanzas conducentes á obtención de títulos estranxeiros de educación superior universitaria, así como as condicións que deberán reunir os centros que pretendan impartir tales ensinanzas.

k) Designar os vogais das distintas comisións previstas neste regulamento.

l) Resolver as reclamacións contra as resolucións de verificación ditadas pola Comisión de Verificación e Acreditación de Plans de Estudos.

m) Calquera outra que corresponda ao Consello de Universidades e non estea expresamente atribuída a outro órgano.

4. Nos asuntos que afecten en exclusiva o sistema universitario público terán dereito a voto o presidente do consello, os reitores e reitoras das universidades públicas e os cinco membros do consello designados polo presidente.

#### Artigo 8. As comisións.

1. O Pleno do Consello de Universidades, por proposta do seu presidente, poderá constituír cantas comisións considere necesarias para a correcta execución das competencias e funcións do Consello, ademais das comisións previstas expresamente neste regulamento.

2. As comisións crearanse por acordo do Pleno do Consello de Universidades, que deberá establecer:

- a) A composición da comisión.
- b) As súas funcións.
- c) A súa duración.

Así mesmo, a composición, funcións e duración deberanse axustar ao previsto pola normativa específica.

Artigo 9. *A Comisión Permanente.*

1. A Comisión Permanente do Consello de Universidades estará integrada polo presidente ou presidenta, os vicepresidentes ou vicepresidentas e oito vogais elixidos polo Pleno por proposta do presidente, entre os que deberá figurar un dos vogais previstos no artigo 2.1.b). O secretario do Consello de Universidades actuará como secretario ou secretaria.

2. Correspóndenlle á Comisión Permanente as seguintes funcións:

- a) Coordinar e impulsar as tarefas dos distintos órganos do Consello de Universidades.
- b) Preparar os informes que corresponda emitir ao Pleno do Consello de Universidades.
- c) Preparar a proposta de modificación deste regulamento.
- d) Calquera outra que lle atribúa o Pleno.

Artigo 10. *Comisións de acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios.*

1. As comisións de acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios rexeranse polo disposto no artigo 4 do Real decreto 1312/2007.

2. Así mesmo, constituirase a comisión destinada a avaliar os méritos do profesorado que pertenza ao corpo de titulares de escolas universitarias que posúan o título de doutor, de acordo co disposto na disposición adicional primeira do citado Real decreto 1312/2007.

Artigo 11. *Comisión de reclamacións de acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios.*

1. A Comisión de reclamacións prevista no artigo 66 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, estará composta por sete membros, elixidos polo Pleno por proposta da Presidencia, entre os que deberá figurar un dos vogais previstos no artigo 2.1.b), que exercerá a presidencia da comisión.

2. A Comisión de reclamacións terá como función principal o exame das reclamacións formuladas contra as propostas das comisións de acreditación para velar polas garantías establecidas na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e as súas disposicións de desenvolvemento en materia de acreditación.

3. A comisión examinará o expediente relativo á verificación para velar polas garantías establecidas e poderá ratificar a resolución ou, de ser o caso, aceptar a reclamación e remitila á Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANACA), indicando de forma concreta os aspectos da avaliación que deben ser revisados, todo iso nun prazo máximo de tres meses.

4. Cando a Comisión de reclamacións delibere sobre unha solicitude presentada por un profesor pertencente a unha universidade cuxo reitor pertenza a esta, este deberase abster.

5. Actuará como instrutor dos procedementos de reclamación contra as resolucións das comisións de acreditación, dispostos no artigo 16 do Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, o titular da Subdirección Xeral do Profesorado e Innovación Docente do Ministerio de Educación.

6. Actuará como instrutor dos procedementos de recurso dispostos no número 5 do artigo 16 do citado real decreto o titular da Subdirección Xeral do Profesorado e Innovación Docente do Ministerio de Educación.

Artigo 12. *A Comisión de Verificación e Acreditación de Plans de Estudos.*

1. A Comisión de Verificación e Acreditación de Plans de Estudos estará composta por sete vogais elixidos polo Pleno, por proposta do Presidente, entre os que deberá figurar un dos vogais previstos no artigo 2.1.b), que exercerá a presidencia da comisión.

2. As funcións da Comisión de Verificación e Acreditación de Plans de Estudos serán as seguintes:

a) Ditar a resolución de verificación a que se refire o número 7 do artigo 25 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, que se deberá motivar en todo caso, unha vez recibido o informe de avaliación da ANECA.

b) Aqueloutras funcións referidas á verificación dos plans de estudos das universidades que se lle encomenden.

Artigo 13. *A Comisión de Reclamacións de Verificación e Acreditación de Plans de Estudos.*

1. A Comisión de Reclamacións de Verificación e Acreditación de Plans de Estudos estará composta por sete vogais elixidos polo Pleno, por proposta do presidente, entre os que deberá figurar un dos vogais previstos no artigo 2.1.b), que exercerá a presidencia da comisión.

2. A comisión examinará o expediente relativo á verificación para velar polas garantías establecidas e decidirá se conta con elementos de xuízo suficientes para propoñer ao Pleno a ratificación da resolución anterior ou se, pola contra, considera procedente remitir de novo o expediente á ANACA, indicando de forma concreta os aspectos da avaliación que deben ser revisados.

3. A Comisión de reclamacións, unha vez recibido, se é o caso, o informe da ANACA, elaborará unha proposta de resolución e elevaralla ao Pleno, que resolverá de acordo co establecido no artigo 25.11 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, nun prazo máximo de tres meses.

Artigo 14. *Outros órganos.*

1. O Consello de Universidades poderá acordar a creación de grupos de traballo e ponencias para o estudo de cuestións concretas.

2. A composición e o réxime de funcionamento de cada órgano, así como os labores que correspondan á súa finalidade, deberanse especificar no acordo do Consello de Universidades que dispoña a súa creación.

Artigo 15. *Dos dereitos e obrigas dos membros do Consello de Universidades.*

Aos membros do Consello de Universidades correspóndelles, respecto do órgano do que formen parte:

a) Propor á Presidencia a inclusión de asuntos na orde do día.  
b) Recibir, con antelación suficiente, a convocatoria e a orde do día das reunións. A información sobre os asuntos que figuren na orde do día estará á disposición dos membros en igual prazo, salvo razóns de urxencia.

c) Participar nas deliberacións das sesións.

d) Exercer o seu dereito ao voto, salvo nos casos expresamente establecidos neste regulamento, e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.

e) Formular suxestións e preguntas.

f) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas ao órgano de que forman parte.

## CAPÍTULO IV

### Do funcionamento dos órganos do Consello de Universidades

#### Artigo 16. *Sesións de órganos colexiados.*

1. O Pleno do Consello de Universidades reunirse, con carácter ordinario, polo menos durante tres sesións anuais. Con carácter extraordinario, o Pleno reunirse cando así o acorde o seu presidente, a Comisión Permanente ou por solicitude dun terzo dos membros do Pleno. Neste último caso, deberáselle xuntar á solicitude a orde do día que se vaia tratar no Pleno.

2. As comisións reuniranse cando o acorde o seu presidente ou presidenta ou por solicitude dun terzo dos seus membros, de acordo co procedemento previsto no número anterior.

3. A Comisión Permanente reunirse cando sexa convocada polo presidente do Consello de Universidades e, polo menos, unha vez cada tres meses.

4. A convocatoria das reunións será subscribida polo secretario ou secretaria e conterà a orde do día de cada sesión. Esta só se poderá modificar, incluíndo novos asuntos, se, estando presentes todos os seus membros, así o acorda a maioría dos compoñentes do Pleno ou das comisións.

#### Artigo 17. *Convocatoria de órganos colexiados.*

1. A convocatoria para a reunión dos órganos colexiados efectuarase cunha antelación mínima de sete días.

2. A convocatoria deberá incluír a hora, o día e o lugar da reunión, así como a orde do día da sesión e copia da documentación específica máis relevante sobre os asuntos que se vaian tratar.

3. Na citación para a primeira convocatoria incluírase a da segunda, de acordo co establecido no artigo 18.2.

4. Poderase ampliar a orde do día ou remitir documentación complementaria por parte do secretario ou secretaria ata corenta e oito horas antes da realización do Pleno.

#### Artigo 18. *Constitución dos órganos.*

1. Para a válida constitución dos órganos do Consello de Universidades requírase a presenza do presidente e do secretario ou, se é o caso, dos que os substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

2. No suposto de non se alcanzar o quórum suficiente na primeira convocatoria, entenderase efectuada unha segunda convocatoria pasada media hora da fixada inicialmente, e poderase levar a cabo a sesión que corresponda cos membros asistentes, sempre que representen polo menos un terzo dos seus membros de dereito.

#### Artigo 19. *Das deliberacións.*

1. Nas sesións serán obxecto de deliberación os asuntos incluídos na orde do día. Sen prexuízo do anterior, nas sesións poderán ser obxecto de deliberación ou, se é o caso, de acordo, outros asuntos non incluídos na orde do día, sempre que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e así o acorde a maioría dos seus compoñentes.

2. Os membros dos órganos do Consello de Universidades poderán intervir nas deliberacións, logo de petición e obtención da palabra por parte do presidente do órgano ou de quen o substitúa.

Por instancia do presidente ou logo de acordo do órgano que corresponda, os titulares de unidades administrativas do ministerio, das comunidades autónomas ou doutros



órganos que teñan atribuídas competencias relacionadas coa materia universitaria poderán asistir ás súas sesións, sen dereito a voto, para informar, se é o caso, dos asuntos da súa competencia.

3. O presidente do órgano ordenará as deliberacións; para iso, establecerá o número de intervencións a favor e en contra de calquera proposta ou informe, fixará o tempo máximo para cada unha delas, outorgará a palabra aos aludidos, determinará a orde das intervencións, as quendas de réplica, a duración das intervencións e do debate e a forma de votación e pechará unha deliberación cando considere que un asunto está suficientemente debatido, así como calquera outro aspecto referido ao desenvolvemento dos debates.

O presidente velará pola boa orde do desenvolvemento da sesión; para tal efecto, poderá realizar advertencias aos intervinientes e aos membros asistentes, facer chamadas á cuestión ou á orde e retirar a palabra.

#### Artigo 20. *Das votacións e adopción de acordos.*

1. Os acordos dos órganos do Consello de Universidades adoptaranse por maioría dos membros presentes con dereito a voto, sen prexuízo do establecido para determinados supostos previstos neste regulamento.

2. Sen prexuízo do previsto no número anterior, para modificar o regulamento do Consello de Universidades será necesario o acordo dos dous terzos dos compoñentes do Pleno.

3. Nos asuntos que afecten en exclusiva o sistema universitario público, no Consello de Universidades e os seus órganos non terán dereito a voto os reitores e reitoras das universidades privadas.

4. Durante o desenvolvemento da votación, o presidente non concederá o uso da palabra e ningún dos membros do órgano poderá entrar no salón de sesións nin abandonalo.

5. A votación poderá ser:

- a) Por asentimento á proposta do presidente.
- b) Pública, a man alzada ou por chamamento.
- c) Secreta, por papeletas, cando se trate de elección de persoas, se así o decide o presidente ou o solicita un mínimo de tres vogais.

6. No caso de se producir empate nos resultados das votacións, o voto do presidente, ou dos vicepresidentes no suposto de que o substitúan, resolverá.

7. En calquera caso, os membros do Consello de Universidades poderán expoñer o seu parecer individual sobre un acordo adoptado, presentándoo por escrito dentro das corenta e oito horas seguintes á data de adopción do acordo, para que figure como anexo da acta da sesión, sempre que se fixese expresa mención da intención de utilizar esta facultade no momento da resolución ou acordo adoptado.

8. As resolucións de carácter xeral que adopten os órganos do Consello de Universidades no exercicio das súas respectivas competencias serán publicadas.

#### Artigo 21. *Informes do Consello de Universidades.*

1. O Consello de Universidades emitirá os informes que preceptúa a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, no prazo máximo de tres meses, contados a partir da data en que o órgano que teña atribuída a competencia o solicite.

2. Cando para a emisión dun informe do Consello de Universidades sexa preceptivo o informe previo dalgunha das súas comisións, a Comisión Permanente deberá fixar en cada caso os termos e o prazo en que os devanditos informes se deben realizar.

Artigo 22. *Das actas.*

1. De cada sesión que realicen os distintos órganos do Consello de Universidades, o secretario redactará unha acta que, tras a súa aprobación na reunión posterior, será visada polo presidente do órgano.

2. A acta conterá necesariamente os seguintes extremos:

- a) Indicación dos asistentes.
- b) Orde do día da reunión.
- c) Circunstancias de lugar e tempo en que a reunión tivo lugar.
- d) Puntos principais das deliberacións.
- e) Contido dos acordos adoptados.
- f) O resultado das votacións que, se é o caso, se producisen.
- g) Por solicitude dos respectivos membros do correspondente órgano, a acta reflectirá sucintamente os motivos das abstencións e dos votos favorables ou contrarios emitidos.

3. Calquera membro do órgano ten dereito a solicitar a transcrición íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que presente no acto, ou no prazo que sinale o presidente do órgano, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención; este farase constar na acta ou unha copia daquel xuntarse como anexo a esta última.

Artigo 23. *Réxime xurídico.*

No non previsto nesta norma, observarase o previsto sobre órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como no capítulo IV do título II da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.